

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

*RESOLUCIÓN do 2 de decembro de 2021, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 7 de maio de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento no marco da Axenda 2030, que van executar os grupos e centros de investigación das universidades galegas, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PR815A).*

Conforme o establecido no artigo 25 da Orde do 7 de maio de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento no marco da Axenda 2030, que van executar os grupos e centros de investigación das universidades galegas, e se procede á súa convocatoria, unha vez ultimada a concesión de axudas, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas, con indicación das entidades beneficiarias, contía e finalidade.

Na súa virtude,

**RESOLVO:**

Publicar no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas por Resolución do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea do 10 de agosto de 2021, de conformidade coa Orde do 7 de maio de 2021 (DOG núm. 94, do 21 de maio), para a execución de 5 proxectos para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento no marco da Axenda 2030, que van executar os grupos e centros de investigación das universidades galegas, por un importe global de cento corenta e nove mil novecentos vinte e catro euros (149.924,00 €), nas contías, beneficiarios e finalidade que se relacionan no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2021

Jesús Gamallo Aller  
Director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea





## ANEXO

**Axudas a proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación  
en materia de cooperación para o desenvolvemento**

Nº de expediente	Entidade solicitante	Denominación do proxecto	Orzamento total	Subvención proposta		
				Total	Anualidade 2021	Anualidade 2022
PR815A 2021/13	Universidade de Santiago de Compostela agrupada coa Universidade de Vigo	Desenvolvemento e benestar das mulleres vítimas de violencia de xénero desde a xustizaterapéutica	31.500,00 €	29.924,00 €	14.962,00 €	14.962,00 €
PR815A 2021/10	Universidade da Coruña, Campus de Elviña, en agrupación con Agareso	Familias caboverdianas en Galicia. Impacto para o desenvolvemento da transnacionalización dos cidadanos e das remesas	32.500,00 €	30.000,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €
PR815A 2021/14	Universidade de Vigo, Campus As Lagoas-Marcosende	Avaliación espacial do cambio climático recente na República de Cabo Verde: bases para a adaptación	34.350,00 €	30.000,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €
PR815A 2021/1	Universidade de Vigo, Campus de Ourense	Recuperación de solos degradados por minaría mediante a aplicación de bioadsorbentes	31.578,94 €	30.000,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €
PR815A 2021/9	Universidade de Santiago de Compostela, Campus Norte, Grupo de Investigación Innovación, Cambio Estructural e Desenvolvemento (ICEDE)	Potencialidades da economía circular para o desenvolvemento sustentábel e inclusivo en países de América Latina	58.002,26 €	30.000,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €
Total convocatoria			187.931,20 €	149.924,00 €	74.962,00 €	74.962,00 €